



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 42 /2025

ADDENDA DE PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CORUÑESA DE TRANSPORTES DISCRECIONALES Y ESPECIALES (ACOTRADES) POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA NOVOS CONDUTORES PROFESIONAIS NO SECTOR DO TRANSPORTE POR CARRETERA NA PROVINCIA DA CORUÑA”

Na Coruña, o 30 de maio de 2025

Ante min, Don Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, o Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, Don Lucía Loureiro Liñares, a Presidenta da **Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales y Especiales (ACOTRADES)**.

Todos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que todas as partes asinaron o 28 de novembro de 2024 o convenio polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “Formación Específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña” cunha achega provincial máxima de **50.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00% dun orzamento de **62.500,00 €**.

Segundo.- Que na cláusula sétima establécese como termo para a realización da actividade entre o 01 de setembro de 2024 e o 30 de abril de 2025.

Terceiro.- Que a modificación da cláusula VII foi aprobada por acordo plenario en sesión celebrada o 28 de marzo de 2025.

Co fin de prorrogar o termo para a realización da actividade procede a sinatura dunha addenda ao convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

ÚNICA. Modificación da cláusula VII do convenio relativa ao termo para a realización da actividade.

Establécese como prazo do termo para a realización da actividade **o 31 de maio de 2025.**

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente Convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN CORUÑESA DE
TRANSPORTES DISCRECIONALES Y ESPECIALES
(ACOTRADES)**

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Lucía Loureiro Liñares

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Miguel Iglesias Martínez